



A literatura galega estivo convidada este ano no Festival Isla de Literatura que organiza o Instituto Cervantes de Dublín desde 2012. Neste festival adoitan participar escritores en lingua española, inglesa e gaélica, e desde o pasado ano tamén en vasco. Este ano era o primeiro en que se convidaba a literatura galega, despois de que o Cervantes solicitase a colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, AELG, entidade que xa colaborou con outras actividades centradas na difusión da literatura galega e realizadas no Cervantes.

Alí acudín, pois, en representación da AELG, e puideron comprobar varios puntos de conexión coa literatura escrita en Irlanda. Así quedou patente na mesa en que participei, que baixo o título de *A palabra imprecisa* e moderada polo Director do Centro de Estudos Galegos de Cork, Martín Veiga, centrouse fundamentalmente no papel da lingua e na nosa relación con ela.

Na mesa interviñan Hugo Hamilton, escritor en inglés de varias novelas e dous libros de memorias, o máis coñecido *The Speckled People* en que nos fala da súa infancia en Dublín, no que el define como “guerra de linguas” (seu pai prohibíalle falar inglés). E Manchán Magan, escritor en inglés e gaélico e realizador de televisión responsábel da serie documental *No Béarla* en que só se emprega o gaélico. Tres posicións de partida ben diferentes mais desde as que podemos atopar puntos de conexión entre as dúas nacións: o desprezo á lingua propia e a súa necesidade de normalización; a historia propia escrita por outros ou a importancia dos topónimos e a atención que a eles debemos prestar.

## Desde este lugar do mundo.

Escrito por Marta Dacosta  
Sábado, 01 Novembro 2014 19:08

---

Así pois, guiados por Martín Veiga falamos de lingua, porque como na Mesa quedou dito a lingua é o noso lugar, o noso lar, o noso país. Esta foi a miña intervención inicial:

### **Neste lugar do mundo.**

Hai tres anos escribín o poema *Neste lugar do mundo*. Nel reflexionaba sobre a miña lingua: a primeira filla do latín na Península Ibérica que pasou de ser lingua de cultura na Idade Media a desaparecer da produción literaria escrita até o XIX. Unha lingua negada que loitamos por manter viva. Por iso o poema di:

*aprendemos a lingua do colonizador  
como se fose a nosa lingua propia  
adestrándonos na súa áspera pronuncia  
memorizando todas as palabras alleas  
que couberon na cunca do leite con galletas*

Forzosamente educadas nunha lingua que non era a nosa, acabamos por non recoñecernos,

*xogabamos alleas ás nosas propias vidas  
sen nos recoñecer nos lugares que nos rodeaban*

*Mais un día, talvez a través dun avó descoidado que falaba galego diante nosa ou descubrindo  
o mundo da aldea ou mesmo tras a lectura dun libro, espertamos*

*como foi?  
se cadra foi no barolo dos libros que non estaban nos andeis  
porque non tiñan a encadernación de pel que os igualaba  
foi así?, desaprendendo asperezas e halando  
do fondo da memoria cada palabra pronunciada para que non escoitáramos?  
foi así como recuperamos o sanguño e as ervillas  
o tormentelo ou o poexo?*

## Desde este lugar do mundo.

Escrito por Marta Dacosta  
Sábado, 01 Novembro 2014 19:08

---

Aos poucos tomamos conciencia,

*como maceiras novas enxertadas no estripeiro  
recompuxemos as células leñosas e comezamos chuchar da terra*

e grazas á loita das xeracións que nos precederon a lingua que falaran as nosas avoas entraba na escola, aprendíamola. Entón atopamos o noso tesouro

*a artesa gardaba o formento e a fariña terceada  
até que erguemos a súa tampa e descubrimos  
que aquel era o pan que nos saciaba*

Porque nos atopamos a nós mesmas, reconciliámonos coa nosa identidade, e soubémonos habitantes dun mundo construído coa forza de redeiras e mariñeiros, costureiras, labregos, xornaleiras, xente humilde que cantaba, cantaba cando sementaba, cantaba cando recollía. Mulleres e homes que pasaron noites de medo e frío ante a lareira e ao calor do lume contaban historias que ás veces eran a súa propia Historia e así, entre cinza, sachos, escamas e patelas a lingua chegou a nós e é o noso herdo máis prezado. Por iso, gardámola e mimámola para entregarlle de novo ás nosas fillas.

Como un día nos legaron a casa, a chalana ou a leira.

É a nosa responsabilidade, manter o lume da lingua aceso.

*garda sempre unha presadiña de masa  
e sementa centeo e trigo, millo  
para que a fame amaine  
para que xoguen a seren arquitectos  
dun futuro que se recoñeza  
neste lugar do mundo*

**Desde este lugar do mundo.**

Escrito por Marta Dacosta  
Sábado, 01 Novembro 2014 19:08

---

Marta Dacosta, outubro de 2014.